




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Miño e Pontedeume.
Parroquia: Santiago de Boebre, ocupa case toda a unidade; San Pedro de Perbes o extremo
oriental; e Santa María de Centroña unha esquina do norte. Extensión: 1,18km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade mixta, con cantís laterais de teito en pendente suave. O relevo describe unha cunca aberta e de pendentes que non acadan o 20%. Estas son menores na parte inferior máis próximas á costa, e aumentan cara ao peche interior.


AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos, xistos e cuarxozistos, de idade precámbrico-silúrica. Na metade sur aparecen bandas de pórfidos graníticos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Subhúmido: precipitación acumulada anual entre 1000mm e 1200mm e a temperatura media acadada valores por riba dos 14°C. Oscilación térmica media anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS




AS AUGAS



O PATRIMONIO NATURAL

Costa areosa sen dunas, na que, pola extensión do intermareal se pode destacar o hábitat 1140, "Chairas lamacentas e areosa que non están cubertas de auga cando hai marea baixa". Na vertente noreste da unidade destacan masas mixtas procedentes da degradación de carballeiras e soutos costeiros, 9230-9260. Aparecen rodais de ribeira (91E0) na área inferior traseira á praia de Ver.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

De acordo cos patróns tradicionais de asentamento rural, e tendo en conta que nesta unidade se acha unha das sete cabezas parroquiais de Pontedeume (Santiago de Boebre), as terras de cultivo (agra), que orixinalmente rodeaban ao núcleo de poboación, fóronse prolongando polo val ata chegar practicamente á praia de Ver, aproveitando as terras de pendente máis apropiada e de maior produtividade. Este uso viuse parcialmente substituído por un fenómeno de urbanización vinculado á explotación turística do litoral, xunto a un progresivo abandono da actividade agraria que leva a que aumente a superficie de monte con masas mixtas procedentes da degradación de carballeiras e soutos costeiros. Na fronte costeira, ademais da importancia que ten o areal de Ver, destaca a vexetación costeira vinculada aos cantís.

MORFOLOXÍA

Destaca na unidade a presenza do núcleo de Boebre, cabeza parroquial, situado na ladeira sur do val a 70 metros sobre o nivel do mar, orientado a noreste. Núcleo tradicional de carácter orixinalmente agrario, co casarío agrupado pero non compactado, con estrutura alveolar incluíndo áreas e parcelas interiores non construídas. O núcleo medrou moi pouco, realizándose determinadas operacións de colmatación interna que completasen o tecido. Aparece sen embargo nos terreos que lindan coa praia de Ver un desenvolvemento de edificacións alleo á vida rural, mediante tipoloxías urbanas de bloque lineal illado de varias plantas así como vivenda unifamiliar de segunda residencia, dando lugar a unha trama ortogonal e alterando a xeometría do parcelario tradicional. O resultado introduce actividades extensivas relacionadas co turismo (instalacións de acampada, aparcadoiro, novos accesos rodados...) cunha frecuencia estacional, pero sen unha funcionalidade urbana.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada C-4803 (que transcorre ao longo de toda a costa unindo os núcleos orixenarios de poboación do litoral) percorre a unidade de norte a sur, atravesando o núcleo de Boebre e rodeando a vertente oeste do Monte de Breamo a media ladeira. Outra vía, tamén de orixe tradicional pero de menor importancia, parte de Boebre cara ao interior, pola vertente sur do val. Os desenvolvementos construtivos que se dan na praia de Ver obrigan á apertura de novas estradas, que conectan coa C-4803 para favorecer a accesibilidade desde o contorno. O resto de vías limitanse a pequenos camiños tradicionais de acceso ás terras de cultivo ou ao monte, e mantéñense practicamente inalterados desde a súa construción. A liña de ferrocarril atravesa a unidade de norte a sur, na maior parte do seu trazado paralelamente á C-4803.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O Castro de Centroña sitúase nunha das vertentes do Monte de Breamo moi próximo ao límite noreste da unidade, e presenta unha especial importancia polos vestixios achados desde principios do século XX, como o torque de tipo ártabro, que na actualidade se conserva no Museo Provincial de Lugo. No tocante ao patrimonio construído arquitectónico e etnográfico, a peza de Boebre máis importante, a igrexa parroquial de Santiago, encóntrase na veciña unidade de paisaxe de Costa da Illa de Carboeiro aínda que pertence a este núcleo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística de Ver está claramente delimitada cara ao interior polo fito que supón os montes de Breamo, e forma unha cunca de suave pendente que abarca ata o núcleo tradicional de Boebre cara ao sur e péchase polo norte coas masas de bosque de repoboación que colonizan a ladeira noroeste dos montes de Breamo. O uso agrícola tradicional das ladeiras baixas do val viuse substituído, especialmente na zona máis próxima á costa, por un uso residencial vinculado á utilización da praia de Ver como recurso turístico, absorbendo o posible crecemento urbanístico que non desenvolveu Boebre. As infraestruturas de comunicación (ferrocarril e estrada C-4803) atravesan a unidade de norte a sur e a media ladeira, marcando a cota a partir da que se desenvolve maioritariamente o bosque de repoboación (aproximadamente a 75 metros sobre o nivel do mar) na parte norte da unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

A actividade que tradicionalmente se desenvolveu nesta paisaxe foi a agrícola, xa que estas terras de cultivo, xunto coas da Costa da Illa Carboeira e parte das de Perbes, supuñan o sustento económico para a poboación de Boebre. O progresivo abandono desta actividade supón o avance das masas forestais nas ladeiras do monte, e dá paso a unha nova actividade de urbanización nos terreos chairros máis próximos á praia de Ver, agora convertida en foco de actividade económica pola súa explotación como recurso turístico. Isto supón unha modificación significativa na dinámica da paisaxe, xa que as presións que agora imperan (tanto de consumo de recursos como de mobilidade, estacionalidade...) son de maior intensidade e concentradas nun espazo moi concreto.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe de Ver está fortemente caracterizada polos elementos naturais que a conforman, o que permite que sexa unha paisaxe cunha identidade moi forte. Os bosques que cobren o Monte de Breamo xunto cos bosques costeiros de repoboación contrapóñense ás terras de cultivo que como unha lingua entran desde o fondo do val tocando o núcleo de Boebre para desembocar na praia de Ver. Sen embargo, as intervencións que se levaron a cabo no contorno da praia dificultan esa lectura continua e coherente da paisaxe. Son de destacar como valores salientables os do Monte Breamo, con todas as súas características que o erixen como Espazo de interese paisaxístico: a súa configuración como fito xeográfico visualmente indetificable, as formacións arbóreas das dúas ladeiras, os valores arqueolóxicos que conserva, pois axudan a entender o proceso tradicional de organización do territorio e as connotacións presentes no imaxinario colectivo popular como lugar de romaría de San Miguel. Neste sentido a cima do monte de Breamo aúna, ademais, a maior potencialidade como punto de acceso ao miradoiro natural cara a esta ría de Ares, e incluso, se a meteoroloxía o permite, da costa da Coruña no golfo Ártabro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS










A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



